



**MIGUEL A. DOMÍNGUEZ ALFONSO, EN CALIDADE DE ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE A CAÑIZA (PONTEVEDRA) e en representación dos VECIÑOS DA PARROQUIA DE ACHAS.**

## SOLICITA DIANTE DESA INSTITUCIÓN

Que se cumpla o comprometido na visita da Señora Presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, a este Concello o pasado 2 de decembro de 2016 para inaugurar a nova variante da EP 5002 Ponte sobre o río Deva rotonda enlace EP 5002 con EP 5102.

A Construcción desta variante estivo motivada pola urxente necesidade de desviar a circulación da antiga ponte románica de Achas, co obxectivo de protexer este importante elemento da nosa arquitectura civil e tamén de poñelo en valor, restaurando a Ponte e mellorando a súa contorna. Así estaba comprometida esta actuación, paralela a construción do vial, durante o goberno do Partido Popular.

A Presidenta da Deputación comprometeuse igualmente hai dous anos a levar a cabo as actuacións necesarias para a restauración e mellora da Ponte, sin que ata o momento se teña constancia nesta Alcaldía dos traballos desenvolvidos a tal efecto.

Por todo isto

**O ALCALDE DE A CAÑIZA, acompañado dos veciños de Achas, solicitan diante da institución DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

Se executen as actuacións necesarias para a recuperación e mellora desta Ponte románica de incalculable valor non só patrimonial, senón tamén histórico por estar considerado como un dos *Sítios da Comarca da Paradanta* da Resistencia das Alarmas contra as Tropas Napoleónicas nos acontecementos do mes de febreiro de 1809 en Galicia.

A Cañiza, 6 de novembro de 2018

Asdo. Miguel A. Domínguez Alfonso

